



INSTRUCCIÓN PARA A MATRÍCULA AO CURSO 2026/27

ALUMNADO 2º-4º

DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA A PRESENTAR

- a) Impreso de matrícula (cumprimentar seguindo as instrucións do punto 1)
- b) Resgardo de pagamento de prezos públicos (instrucións punto 2)
- c) Resgardo de pagamento do seguro escolar: OBRIGATORIO PARA TODO O ALUMNADO MENOR DE 28 AÑOS (apartado 2. 1.)
- d) [Impreso de autorización de uso de imaxe](#)
- e) Foto de carnet (só para alumnado de 2º curso).

OUTRA DOCUMENTACIÓN:

- f) Resgardo de solicitude de Beca do Ministerio de Educación (de ser o caso).
- g) Impreso de solicitude de recoñecemento de créditos ECTS e a súa correspondente documentación xustificativa (de ser o caso).
- h) Xustificante de bonificación ou exención de prezos públicos (de ser o caso).

1. Impresos de matrícula, dispoñibles na conserxería do centro e en <https://csmcoruna.com/secretaria>

Número **mínimo** de créditos: **30**

Número **máximo** de créditos: **75**

Será **obrigatorio matricularse** de:

- Disciplinas de **formación básica** (marcadas en azul no impreso de matrícula)
- **Instrumento** na especialidade de Interpretación
- **Instrumento principal** na especialidade de Pedagogía
- **Composición** na especialidade de Composición
- **Dirección de Orquestra e Dirección de Coro** na especialidade de Dirección
- **Disciplinas pendentes**. Neste caso, realizarase a matrícula de dous cuatrimestres consecutivos, independentemente do cuatrimestre no que se impartan, agás no caso de disciplinas colectivas, no que se poderá matricular só dun cuatrimestre se este corresponde ao segundo cuatrimestre do curso natural.



Deberase consultar o expediente en Abalar, previamente á formalización da matrícula, para verificar as disciplinas superadas e as que quedan por superar. O alumnado que se matricule de 4º curso deberá asegurarse do número de créditos de optativas que ten superados e os que faltan por cursar en función da especialidade/itinerario (pode consultar na páxina web do conservatorio o [plan de estudos correspondente](#)).

En caso de querer matricularse de disciplinas de cursos posteriores ao correspondente, haberá que matricularse tamén das disciplinas obrigatorias dese curso, sen que iso poida exceder o número máximo de créditos.

Para os efectos de cómputo de máximo e mínimo de créditos non se terán en conta os créditos de disciplinas das que se solicita o recoñecemento.

MATRÍCULA NAS DISCIPLINAS OPTATIVAS (ALUMNADO DE 3.º E 4.º)

As disciplinas optativas serán ofertadas ao inicio de curso. No impreso de matrícula só haberá que marcar o cadro dos créditos de optativas, en caso de querer cursalas e indicar o número de créditos a cursar se non coincide cos correspondentes ao curso.

2. Pagamento

2. 1. Seguro escolar (só menores de 28 anos)

Ingresar 1,12 euros na conta **ES04 2080 0042 5931 1000 0181**

Destinatario: Conservatorio Superior de Música

Concepto: Seguro Escolar + nome da/o alumna/o

Importante: Haberá que presentar o resgardo do pagamento no momento de presentar a matrícula.

2. 2. Matrícula

Prezos públicos (establecidos no [DECRETO 89/2013](#))

Apertura de expediente*	22,00 € (só alumnos de 1º e/ou que se matriculen por primeira vez)
Servizos xerais*	13,00 €
Matrícula	7,80 € por crédito ECTS 1.ª matrícula 11,50 € por crédito ECTS 2.ª matrícula 0,08 € por crédito ECTS BONIFICADO 99%**

*O alumnado que curse simultaneamente dúas ou máis especialidades só pagará este concepto nunha delas.

** Revisar [DECRETO 163/2024](#), para comprobar se corresponde bonificación. Só aplicable a créditos de 1ª matrícula e nun número igual os créditos aprobados o curso anterior en primeira matrícula.



Para realizar o pagamento, haberá que seguir as [Instrucións pagamento prezos públicos](#)

Bolsas e axudas ao estudo

O alumnado que solicitara bolsa deberá presentar xunto coa matrícula a documentación xustificativa de tela solicitado.

Se solicita a bolsa, **IMPORTANTE!**

- **NON ABOE os prezos públicos. Este trámite fica pendente até que entregue na oficina administrativa do centro a resolución estimatoria ou desestimatoria. Só deberá aboar o seguro escolar e créditos de 2º matrícula, de ser o caso.**

Aplicación de bonificacións e exencións de prezos públicos

O alumnado que solicite a aplicación dunha bonificación ou exención de prezos públicos deberá presentar a **documentación oficial acreditativa** orixinal ou copia compulsada segundo corresponda:

Bonificacións / Exencións	50% dos prezos públicos	100% dos prezos públicos	Bonificación na matrícula
Familia Numerosa Xeral	X		
Familia Numerosa Especial		X	
Persoas con discapacidade $\geq 33\%$		X	
Vítimas violencia de xénero (+ fillas e fillos)		X	
Vítimas de actos terroristas (+ cónxuxes e fillas e fillos)		X	
Matrículas de honra			Bonificación do importe da matrícula da(s) materia(s) en que obtivera a "matrícula de honra" no curso anterior
Funcionariado dos corpos docentes LOE			100% créditos 1.ª matrícula (hai que aboar os servizos xerais)
Bonificación 99% concedido pola Xunta de Galicia segundo DECRETO 163/2024			99% créditos 1.ª matrícula (hai que aboar os servizos xerais)

3. Recoñecemento de créditos

Deberá cumprimentarse online a [solicitud de recoñecemento de créditos](#) e presentala xunto coa documentación acreditativa orixinal (ou copia compulsada) correspondente no momento de realizar a matrícula.

A información sobre o recoñecemento de créditos atópase no Capítulo IV da [Orde do 21 de novembro de 2016](#)



4. Proposta de agrupación de música de cámara

O alumnado interesado poderá presentar proposta de agrupación de música de cámara cubrindo o seguinte [Formulario solicitude grupo de cámara](#) (unha solicitude por agrupación. Poderá cubrirse ata o 24 de xullo)